



## INSTRUCCIÓN 3/2015 DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, DO 1 DE XUÑO, SOBRE A XESTIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR NO CURSO ESCOLAR 2015-2016

1. O ámbito de aplicación .....	1
2. As funcións das direccións dos centros .....	3
3. O uso do servizo por persoas distintas dos seus usuarios lexítimos .....	3
1º. O alumnado de ensino obrigatorio e segundo ciclo de ensino infantil cuxo domicilio estea situado a unha distancia do centro escolar inferior a 2 km e superior a 1 km en zona urbanizada e 500 m en zona non urbanizada. ....	3
2º. O alumnado escolarizado en centros que non lles corresponden por área de influencia. ....	5
3º. O alumnado que, por causa de proximidade xeográfica, solicite a utilización de liñas de transporte correspondentes a centros distintos a aqueles nos que estea matriculado. ....	6
4º. Acceso ao servizo por alumnado de bacharelato e ciclos formativos de FP. ....	7
5º. Acceso ao servizo por viaxeiros adultos do Programa TES+BUS. ....	8
6º. A orde de prelación na concesión de autorizacións excepcionais no caso de insuficiencia de prazas no vehículo. ....	9
4. As peticións de modificación dos itinerarios e de introdución de novas paradas. ....	10
5. A necesidade de autorización previa da Secretaría Xeral Técnica. ....	11
6. Mantemento da aplicación informática TRANSPORTE ESCOLAR .....	11
7. A modalidade C .....	12

### 1. O ámbito de aplicación

Esta Instrución establece as liñas xerais de funcionamento para o curso 2015-2016 do servizo de transporte escolar para o alumnado dos centros docentes públicos que impartan ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria.

Será **usuario lexítimo** do transporte escolar gratuito o alumnado cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar





e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 km, calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios.

Para poder ser usuario lexítimo do servizo o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda, segundo a situación do seu domicilio e a distribución das áreas de influencia establecida ou contar cunha resolución de escolarización obrigatoria.

Neste senso, excepcionalmente, pode considerarse como domicilio do alumnado o daqueles familiares cos que o menor efectivamente conviva. Nestes supostos excepcionais non é suficiente a xustificación do domicilio mediante unha certificación do padrón municipal, sendo requisito imprescindible para a súa consideración a xustificación dunha convivencia real mediante certificación específica expedida para tal efecto polo concello, a partir de informes da Policía Local ou da Garda Civil, agás no caso de menores en situación de acollemento, no que as familias de acollida presentarán unha fotocopia da resolución ditada pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar.

Do mesmo xeito, para manter a condición de usuario lexítimo, é necesario que se faga un uso continuado do transporte escolar, entendido este como o uso repetitivo del en días fixos da totalidade das semanas do curso 2015-2016.

Os usuarios lexítimos de transporte escolar que non fagan uso do transporte escolar de xeito continuado perderán dita condición de usuario lexítimo, e, conseguintemente, non terán acceso preferente ao comedor escolar.

No suposto en que o comedor escolar de referencia tivera máis solicitudes que prazas autorizadas, e a condición de usuario lexítimo de transporte escolar fora determinante para obter unha praza no comedor, o alumno ou alumna que perdese a súa condición de usuario lexítimo por non facer voluntariamente un uso continuado do transporte escolar, perderá a praza obtida, que deberá ser asignada polo Consello Escolar ao seguinte na lista de espera.





## **2. As funcións das direccións dos centros**

Ao comezo do curso escolar, os Servizos Provinciais de Recursos Educativos Complementarios enviaranlles ás direccións dos centros unha relación dos vehículos asignados aos contratos de transporte escolar do respectivo centro. Na dita relación indicaranse as características de cada vehículo, a súa capacidade, o número da matrícula, etc., coa finalidade de que as direccións dos centros poidan comprobar a correcta execución do correspondente servizo (que o vehículo que o realiza efectivamente estea entre os asignados, que reúna as condicións contratadas, que o acompañante -se o transporte conta con esta figura- cumpre as súas funcións, que se cumpran correctamente os horarios de entrada e saída do centro, etc.).

De ser o caso, as irregularidades ou deficiencias que se observen cada día na execución do servizo deberán ser comunicadas polas direccións dos centros ás Xefaturas Territoriais coa maior exactitude e no máis breve prazo posible, indicando as circunstancias que concorran e achegando os medios probatorios de que dispoñan. As ditas denuncias motivarán as oportunas investigacións por parte dos Servizos Provinciais de Recursos Educativos Complementarios e, no seu caso, a apertura de expedientes de incumprimentos contractuais por esta Secretaría Xeral Técnica.

## **3. O uso do servizo por persoas distintas dos seus usuarios lexítimos**

Sen prexuízo do disposto no apartado 1 desta Instrución, ante a eventualidade de que haxa vehículos que contén con prazas vacantes e co obxectivo de optimizar os recursos dispoñibles, poderase autorizar excepcionalmente, o uso do servizo aos colectivos seguintes:

1º. Ao alumnado de ensino obrigatorio, FP Básica e segundo ciclo de ensino infantil cuxo domicilio estea situado a unha distancia calculada utilizando o





itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios do centro escolar inferior a 2 km e superior a 1 km en zona urbanizada e 500 m en zona non urbanizada.

Se ben este alumnado non obtema a condición de usuario lexítimo do transporte escolar, é posible concederlle unha autorización excepcional para o seu uso, sempre que concorran os seguintes requisitos:

- Que existan prazas vacantes
- Que non comporte a modificación das rutas
- Que non supoña a creación de novas paradas
- Que non incremente a duración do traxecto
- Que non precise a incorporación de acompañante

As autorizacións excepcionais serán expedidas pola Xefatura Territorial correspondente, ponderándose como circunstancias a ter en conta, discapacidades, a curta idade dos alumnos, a distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, as condicións das estradas de acceso aos centros, a situación económica e familiar do alumnado etc. As resolucións que se diten poderán ser recorridas en alzada ante esta Secretaría Xeral Técnica.

As ditas autorizacións concederanse en precario e serán revogables se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.

En ningún caso comportarán preferencia algunha no acceso ao comedor escolar, a cal só deriva da condición de usuarios lexítimos do transporte escolar.

A vixencia das autorizacións excepcionais comprenderá unicamente o curso escolar 2015-2016. O feito de obter estas autorizacións excepcionais non lles outorga aos seus beneficiarios dereito ningún no futuro.







2º. Ao alumnado escolarizado en centros que non lles corresponden de acordo coas áreas de influencia fixadas en función dos seus domicilios familiares.

Este alumnado poderá solicitar unha autorización excepcional para o uso deste servizo cando nas proximidades do seu domicilio discorra un itinerario de transporte escolar, sempre que concorran os seguintes requisitos:

- Que existan prazas vacantes
- Que non comporte a modificación das rutas
- Que non supoña a creación de novas paradas
- Que non incremente a duración do traxecto
- Que non precise a incorporación de acompañante

As autorizacións excepcionais serán expedidas pola Xefatura Territorial correspondente, ponderándose como circunstancias a ter en conta, discapacidades, a curta idade dos alumnos, a distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, as condicións das estradas de acceso aos centros, a situación económica e familiar do alumnado etc. As resolucións que se diten poderán ser recorridas en alzada ante esta Secretaría Xeral Técnica.

As ditas autorizacións concederanse en precario e serán revogables se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.

Non comportarán en ningún caso dereito de acceso ao comedor escolar nin á súa gratuidade total ou parcial.

A vixencia das autorizacións comprenderá unicamente o curso escolar 2015-2016. O feito de obter estas autorizacións excepcionais non lles outorga aos seus beneficiarios dereito ningún no futuro.





3º. O alumnado que, por causa de proximidade xeográfica, solicite a utilización de liñas de transporte correspondentes a centros distintos a aqueles nos que estea matriculado.

Este alumnado poderá solicitar unha autorización excepcional para o uso deste servizo cando nas proximidades do seu domicilio discorra un itinerario de transporte escolar e sempre que concorran os seguintes requisitos:

- Que existan prazas vacantes
- Que non comporte a modificación das rutas
- Que non supoña a creación de novas paradas
- Que non incremente a duración do traxecto
- Que non precise a incorporación de acompañante

As autorizacións excepcionais serán expedidas pola Xefatura Territorial correspondente, ponderándose como circunstancias a ter en conta, discapacidades, a curta idade dos alumnos, a distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, as condicións das estradas de acceso aos centros, a situación económica e familiar dos alumnos etc. As resolucións que se diten poderán ser recorridas en alzada ante esta Secretaría Xeral Técnica.

As autorizacións concederanse en precario e serán revogables se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.

A vixencia das autorizacións comprenderá unicamente o curso escolar 2015-2016. O feito de obter estas autorizacións excepcionais non lles outorga aos seus beneficiarios dereito ningún no futuro.

Neste suposto correspóndelle aos centros educativos sin liñas de transporte cuxo uso é solicitado por alumnos matriculados no centro, recabar as solicitudes e elevalas á Xefatura Territorial.





#### 4º. Acceso ao servizo por alumnado de bacharelato e ciclos medios e superiores de FP.

Poderase autorizar excepcionalmente o uso do transporte escolar a favor do alumnado de bacharelato, ciclos formativos medios e superiores e outros programas similares, sempre que concorran os seguintes requisitos:

- Que existan prazas vacantes
- Que non comporte a modificación das rutas
- Que non supoña a creación de novas paradas
- Que non incremente a duración do traxecto

O uso do transporte será gratuíto e requirirá petición individualizada por alumno/a mediante o modelo normalizado existente para o efecto, informe da dirección do centro e resolución expresa das Xefaturas Territoriais da Consellería.

No outorgamento destas autorizacións excepcionais ponderaranse como circunstancias a ter en conta, as discapacidades dos alumnos, a distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, as condicións das estradas de acceso aos centros, a situación económica e familiar dos alumnos etc. As resolucións ditadas poderán ser recorridas en alzada ante esta Secretaría Xeral Técnica.

As ditas autorizacións concederanse en precario e serán revogables se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.

Non comportarán en ningún caso dereito de acceso ao comedor escolar nin á súa gratuidade total ou parcial.

A vixencia das autorizacións comprenderá unicamente o curso escolar 2015-2016. O feito de obter estas autorizacións excepcionais non lles outorga aos seus beneficiarios dereito ningún no futuro.





Cómpre salientar neste punto que cada curso escolar recíbense denuncias do alumnado motivadas pola esixencia de pagamento da viaxe por parte da empresa transportista. Neste punto é preciso reiterar que o alumnado de ensinanzas non obrigatorias que utilice o servizo nos vehículos que contrata esta Consellería farao de forma absolutamente gratuíta a través da autorización expedida pola Xefatura Territorial de que se trate, trámite que resulta imprescindible para que este alumnado poida gozar do servizo.

Para evitar estas situacións anómalas, é imprescindible a especial atención e a colaboración da dirección e da comunidade educativa dos centros, denunciando, co maior número de probas posible, ante as Xefaturas Territoriais estes feitos sempre que se produzan. As ditas denuncias motivarán as oportunas investigacións por parte das Xefaturas Provinciais de Recursos Educativos Complementarios e, no seu caso, a apertura de expedientes de penalidade por incumprimento contractual por esta Secretaría Xeral Técnica.

#### 5º. Acceso ao servizo por viaxeiros adultos do Programa TES+BUS.

A autorización para a utilización de determinadas liñas de transporte escolar por parte de usuarios alleos á actividade escolar, no marco do programa TES+BUS, require que se dean as seguintes condicións:

1. Que as liñas a autorizar correspondan a traxectos realizados unicamente por vehículos VDs e non sexan coincidentes no seu itinerario con servizos regulares permanentes de transporte de viaxeiros de uso xeral.
2. Que os vehículos de transporte escolar dispoñan de prazas libres, e estas non sexan demandadas por outros membros da comunidade educativa.
3. Que as autorizacións non comporten a modificación das rutas, nin a introdución de novas paradas nin o aumento de duración do itinerario.
4. Quedan excluídas as rutas sinxelas de transporte escolar a centros de educación secundaria, ciclos formativos de FP e similares, así como as







combinadas con ditos centros de educación secundaria, ciclos formativos de FP e similares.

6º A orde de prelación na concesión de autorizacións excepcionais no caso de insuficiencia de prazas no vehículo.

No caso de que o número de solicitudes de autorización excepcional para o uso de transporte escolar excedan do número de prazas vacantes nos vehículos, seguirase a seguinte prelación:

Terá prioridade en primeiro lugar o alumnado de ensino obrigatorio e segundo ciclo de ensino infantil cuxo domicilio estea situado a unha distancia do centro escolar inferior a 2 km e superior a 1 km en zona urbanizada e 500m en zona non urbanizada (con prioridade, á súa vez, dos discapacitados ou menores en idade sobre os maiores cando sexa preciso).

En segundo lugar o alumnado escolarizado en centro distinto do que lle corresponde por área de influencia (con prioridade, á súa vez, dos discapacitados ou menores en idade sobre os maiores cando sexa preciso).

En terceiro lugar o alumnado que solicite, por causa de proximidade xeográfica, a utilización do transporte dun centro distinto daquel no que está escolarizado (con prioridade, á súa vez, dos discapacitados ou menores en idade sobre os maiores cando sexa preciso).

En cuarto lugar o alumnado de ensinanzas non obrigatorias (con prioridade, á súa vez, dos discapacitados)-

Finalmente, as persoas usuarias do programa TES+BUS.

Cando a prelación non poda establecerse conforme ao criterio anterior, porque o número de solicitantes pertencentes ao mesmo grupo exceda do número de prazas, o consello escolar do centro formulará unha proposta ante a Xefatura Territorial que corresponda. Para este fin, confeccionará unha lista ordenada de todos os solicitantes na que, ademais de terse en conta as prioridades anteriores, valorarase as discapacidades, a idade dos alumnos, a





distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, as condicións das estradas de acceso aos centros e a situación económica e familiar dos alumnos.

Cando como consecuencia da incorporación de novo alumnado que se produza durante o curso escolar, sexa preciso ceder a praza de transporte a un usuario lexítimo, o órgano que resolveu as autorizacións excepcionais valoraraas de novo, a fin de distribuír as prazas restantes, aplicando os criterios de preferencia e ponderación recollidos neste apartado 3.

#### **4. As peticións de modificación dos itinerarios e de introdución de novas paradas.**

Con carácter xeral non se autorizarán desviacións nos itinerarios de transporte escolar e/ou introdución de novas paradas en distancias inferiores a 2 km.

As resolucións das Xefaturas Territoriais poderán ser recorridas en alzada ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá o que corresponda e o notificará aos recorrentes e ás citadas Xefaturas.

Cando circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, aconsellen ampliar os itinerarios existentes e/ou introducir novas paradas en distancias inferiores a 2 km ,as Xefaturas Territoriais elevarán unha proposta a esta Secretaría Xeral Técnica que, á vista dos informes e das xustificacións que se acheguen, autorizará ou denegará o solicitado.

En todo caso as peticións de cambios nos itinerarios de transporte existentes e de creación de paradas deberán obrigatoriamente que presentarse cos datos de xeolocalización que correspondan.





## **5. A necesidade de autorización previa da Secretaría Xeral Técnica**

Toda contratación de novos servizos, sexa do tipo que sexa, estará presidida por criterios de racionalidade e austeridade do gasto público, e requirirá para a súa tramitación a previa autorización desta Secretaría Xeral Técnica.

Calquera baixa ou modificación dos servizos de transporte escolar vixentes requirirá igualmente para a súa tramitación da previa autorización desta Secretaría Xeral Técnica.

## **6. Mantemento da aplicación informática TRANSPORTE ESCOLAR**

As Direccións dos centros de ensino que dispoñan de rutas de transporte escolar teñen como obriga inescusable introducir a totalidade dos datos delas na aplicación informática **TRANSPORTE ESCOLAR**. Neste sentido, a dirección de cada centro comprobará e completará os datos de cada un dos alumnos asignados ás paradas existentes en todas as rutas ao centro, incluíndo os correspondentes aos alumnos escolarizados noutros centros autorizados con carácter excepcional, pechando a introdución da totalidade dos datos precisos e, polo tanto, os servizos antes do 30 de outubro de 2015. De producirse modificacións durante o resto do curso, a dirección do centro cursará petición á Xefatura Territorial de que se trate, a fin de que a autorice e, no seu caso, abra de novo o servizo na aplicación para que a dirección do centro incorpore os datos correctos e volva pechar o servizo.

As direccións dos centros proporcionaranlles aos transportistas os listados xerados pola aplicación nos que conste o alumnado usuario de cada ruta en canto estean pechados os servizos na aplicación e remitiranlles as actualizacións dos devanditos listados cando se produzan modificacións ao longo do curso que xa conten coa autorización da Xefatura Territorial.





## 7. A modalidade C

Con data límite do 30 de outubro de 2015, as direccións dos centros que contén con alumnado usuario da modalidade C de transporte deberán ter presentado ante os Servizos Provinciais de Recursos Educativos Complementarios as relacións dos ditos usuarios para o curso escolar 2015-2016, nas que se especificarán as liñas de transporte regular que vaian utilizar.

Así mesmo, as direccións dos centros terán a obriga de actualizar as citadas relacións coas altas e baixas que se produzan ao longo do curso escolar citado e comunicar estas variacións aos Servizos Provincias anteriormente citados nun tempo máximo de 10 días desde que se produza a devandita variación.

A prestación do servizo de transporte escolar a través desta modalidade deberá respectar as indicacións contidas no apartado 1, no último parágrafo do apartado 2 e no apartado 5 desta instrución, non séndolles de aplicación os apartados 3, 4 e 6.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2015

O secretario xeral técnico

Jesús D. Davén Barcala



